

L. GALEGA E LITERATURA 1º E.S.O. Boletín de repaso. 1ª parte da materia.

1. Inventas ti tres situacións comunicativas distintas e explica nelas os elementos da comunicación.
2. Distingue entre campo semántico e familia léxica (regular e irregular), poñendo exemplos.
3. Morfoloxía: lexemas, tipos de morfemas, segmentación, clasificación das palabras, etc. Que é un dígrafo? Pon tódolos exemplos que coñezas. Principais grafías distintivas do galego: x, g, q...
4. Tipos de textos segundo a súa estrutura.
5. Graos do adxectivo.
6. Principais recursos literarios: onomatopea, aliteración, símil, personificación, hipérbole, metáfora, anáfora e hipérbato.
7. Variación de xénero e número no substantivo. Coloca determinantes antes destas palabras, amosando así o seu xénero:

legume	sal	alcol	axente	irmá	mel
castelán		doente	poeta	vidente	

8. Os determinantes: tipos e funcións.
9. O til diacrítico: definición e casos. Elabora un cadro completo das palabras que o levan e fai enunciados. Pon til ás palabras que o precisen:
 - *Aquel fora un día estraño, fora ía moito frío, mais non era o mais cru do inverno.*
 - *Sentín do do can que camiñaba so pola rúa.*
 - *Sobre o mantel de bolas de cores atopábase a bola de pan do almuerzo.*
 - *Díxome túa nai que compre que compres ovos cando vaias a tenda.*
 - *Cada día ves mais tarde, non ves que iso non pode ser, tes que chegar mais cedo.*
10. Os xéneros de tradición oral: prosa e verso (clasificacións).
11. Estrutura da noticia xornalística.
12. O pronome: tipos e funcións.
13. Repaso de toda a ortografía.
14. Repasa o relativo ó comentario de texto e fai algunha práctica con textos de libros que che gusten.
15. Revisión das principais estruturas e análises sintácticas.
16. Análise sintáctica: *Bacallao cunha salsa picante de mostaza. Seis noites gratuítas de hotel de luxo. Infinitas oportunidades de negocio nos países economicamente emerxentes. Realmente mal. Fomos os primeiros clasificados nos entrenamentos oficiais.*

2ª parte da materia.

1. **A descrición: tipos e características. Que tipo de descrición é o texto? Por que? Extrae dous fragmentos que o xustifiquen e enuncia o tema.**

[...] Pero o asombro máis grande da xornada foi para o propio Tanís, pois xunto cos reis de Mongara atopábase a súa filla, Sildym, a rapaza máis fermosa que víra en toda a súa vida. Cando os presentaron, quedou tan aloulado que non acertaba a dicir nada. Tremíalle a man e a voz non lle saía. Sildym era morena, cunha elegante melena negra recollida cunha trenza e uns profundos ollos verdosos destacando sobre os doces trazos do seu rostro. Despois do primeiro susto como todo o mundo, a rapaza sorriu graciosamente, deixando entrever uns dentes irregulares e desamañados que conferían máis donaire e personalidade aínda ao seu rostro. Ela, á súa vez, quedou tamén presa dos ollos que a miraban sen podérense desapegar, e antolláronsele fermosísimos.

2. **O verbo: conxugacións, perífrases, verbos irregulares...**
3. **Repaso xeral de ortografía.**

4. Análise métrica.
5. Estrutura dun diario.
6. Elementos do cómic ou banda deseñada.
7. O adverbio: tipos e funcións. Locucións adverbiais.
8. A preposición e a conxunción. Locucións prepositivas e conxuntivas.
9. Tipos de novelas.
10. Estilo directo e indirecto.
11. Clases de oracións segundo a intención do falante.
12. Particularidades do texto teatral.
13. Elabora un esquema coa evolución da lingua galega ó longo do tempo.
14. Estrutura da carta.
15. Escolle dun libro en lingua castelá varios fragmentos e fai prácticas de tradución ó galego. Axúdate do dicionario se é preciso.
16. Analiza sintacticamente: *A casa dos meus avós. Definitivamente mal. Catro días de frío inverno. Máis fácil do esperado. Reticente cara ós seus compañeiros. Numerosas accións polo desenvolvemento nos países pobres do hemisferio sur. O teu amigo é bombeiro do servizo de emerxencias. Marcial está de vacacións en Siberia. Xiana parecía preocupada pola noticia. Elas estaban en Francia por traballo.*